



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE ORDES INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018

(Expdte. 2021/X999/000212)

SEGUNDO EXERCICIO. SUPOSTOS PRÁCTICOS.

En Ordes, o día 14 de xullo de 2022, sendo as dez horas reuniuse na Sala de conferencias, Baixos da Alameda, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de administrativo no concello de Ordes, incluída na oferta de emprego público do ano 2018, convocado por resolución de alcaldía nº 865/2021, de data 18 de agosto de 2021.

Asisten:

- . **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor Xeral do Concello de Ordes.
- . **1º Vogal:** Juan Francisco González Framil, Técnico Financeiro Tributario da Deputación Provincial de A Coruña.
- . **2º Vogal:** Ana Beatriz Oveja Villafañe, Secretaria do Concello de Tordoia.
- . **3º Vogal:** María Cruz, Andrade García, Secretaria do Concello de Melide.
- . **Secretario:** María Jose Nartallo Penas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.

Pola Presidencia declarouse constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 8ª (Características das probas selectivas) ao desenvolvemento do Segundo Exercicio da oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes que superaron o primeiro exercicio, consistente na resolución de dous supostos prácticos de carácter procedemental e administrativo relativos as tarefas administrativas propias da subescala, durante un período de dúas horas, determinados polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio, podendo utilizar textos legais para a súa resolución.

Concorreron a este segundo exercicio, previa acreditación da súa identidade, os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
Mato Rivera, Belén	***6163**
Ríos Pena, Xesús Manuel	***6739**

Visto que as preguntas dos dous supostos prácticos non se valoran de forma idéntica todas elas, polo Tribunal dáse a coñecer aos aspirantes a puntuación de cada unha das preguntas dos supostos con carácter previo ao inicio desta proba, que é a seguinte:

SP1: 5,00 puntos.
SP2: 5,00 puntos.

SP1.R1	SP1.R2	SP1.R3	SP1.R4	SP1.R5	SP1.R6	SP1.R7	SP1.R8	SP2.R1	SP2.R2	SP2.R3	SP2.R4
0,50	0,50	0,50	0,50	1,00	0,50	0,50	1,00	1,00	0,50	2,50	1,00

(*) SP: Suposto práctico

(*) R: Resposta a cada unha das preguntas do suposto práctico.

Sendo as 10:20 horas comezou o exercicio, rematando este ás 12:20 horas para todos os aspirantes, excepto o aspirante que tiña concedida adaptación de tempo e medios, que remata o mesmo ás 12:50 horas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De conformidade co establecido na Base 8ª (Características das probas selectivas) este exercicio escrito debe ser lido obrigatoriamente en sesión pública por cada un dos opositores, fixándose a data de comezo da lectura para as 13:15 hora do día de hoxe.

Sendo as 13:15 horas, no mesmo lugar de celebración do segundo exercicio, procédese á lectura deste exercicio escrito polos opositores

Rematada ás 14:00 horas a lectura polos aspirantes do 2º exercicio, supostos prácticos, polo Tribunal acórdase pospoñer a súa corrección e valoración para o día 19 de xullo de 2022, ás 09:00 horas.

Recursos: contra os acordos do Tribunal de Selección relativos a este segundo exercicio, supostos prácticos, por tratarse de actos de trámite (art. 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

O Presidente,
Javier Siro Suárez Rodríguez
(asinado dixitalmente)

A secretaria,
María José Nartallo Penas